

Guía rápida eTwinning

Nesta guía pretende ser unha introdución a eTwinning. Se queres ampliar a información sobre algún dos aspectos que se presentan, tan só debes picar nos vínculos que atoparás neste documento ou consultar a nosa páxina www.etwinning.es.

¿Que é eTwinning?	2
Perfil do profesor	2
Inscríbete	2
Que ofrece eTwinning?	2
Informació	2
Formació	3
Ferramentas	3
Ideas e experiencias	3
Recoñecemento	3
Asistencia	3
O meu escritorio	4
Os proxectos eTwinning	4

»»» Que é eTwinning?

eTwinning é unha acción educativa da Comisión Europea dentro do Programa de Aprendizaxe Permanente, como medida de acompañamento de Comenius.

O noso obxectivo é promover e facilitar o contacto, o intercambio de ideas e o traballo en colaboración entre profesores e alumnos dos países que participan en eTwinning, a través das TIC.



Para coordinar esta acción en toda Europa, eTwinning conta cun Servizo Central de Apoio en Bruxelas e cun Servizo Nacional de Apoio (SNA) en cada país. No caso de España, o SNA ubícase no Instituto de Tecnoloxías Educativas do Ministerio de Educación e cada Comunidade Autónoma conta cun representante eTwinning (podes atopar máis información en www.etwinning.es).

»»» Perfil do profesor

Poden participar profesores de **todas as materias de Educación Infantil, Primaria e Secundaria**.

eTwinning é unha oportunidade excelente para practicar idiomas, aínda que esta non é unha condición indispensable para participar nun proxecto – hai moitos centros europeos que desexan realizar proxectos en español. De igual modo, convén estar familiarizado con ferramentas básicas, aínda que non é necesario ser un experto en TIC.

»»» Inscríbete

Para disfrutar das vantaxes de eTwinning, só hai que **inscribirse na plataforma**. Esta inscrición non implica ningún compromiso, nin para ti nin para o teu centro. Simplemente pasarás a formar parte da maior comunidade de profesores en Europa e do directorio de profesores e centros de eTwinning.

O proceso de inscrición é sinxelo. En primeiro lugar pedirémosche o teu nome e apelidos, o teu enderezo de correo electrónico (pon especial atención en non equivocarte neste dato e utiliza preferentemente unha conta de correo institucional, se dispós dela) e que elixas un nome de usuario e un contrasinal. Unha vez enviada esta información, recibirás un correo no enderezo que proporcionaches. Éste conterá un

vínculo para completar o proceso de inscrición coa información que aparecerá no teu perfil eTwinning (esta información poderala actualizar unha vez inscrito). (Máis información)

NOTA: Os datos proporcionados na inscrición son comprobados polo Servizo Nacional de Apoio e a Comunidade Autónoma correspondente para asegurar que o rexistro pertence a un profesor.

»»» Que ofrece eTwinning?

» **Información:** poderás encontrar información sobre eTwinning (comunidade, proxectos, concursos, premios, etc.) en:

- www.etwinning.net (a nivel europeo)
- www.etwinning.es (a nivel nacional)
- webs das Comunidades Autónomas** (podes consualas en www.etwinning.es)



www.etwinning.es



www.etwinning.net

› **Formación:** eTwinning ofrécete distintas posibilidades para formarte, tanto no uso da plataforma, como noutros aspectos relacionados co desenvolvemento profesional do profesorado:

- ▶ **Curso eTwinning.** Este curso presenta todo o que hai que saber sobre eTwinning e o uso da plataforma. Ábrense de 1 a 2 convocatorias anuais (setembro e xaneiro) na modalidade de “curso a distancia”, aínda que o seu contido está dispoñible durante todo o ano para calquer profesor interesado en eTwinning.
- ▶ Se estás interesado en realizar o curso, consulta as convocatorias en www.etwinning.es e apúntate. Está recoñecido con 4 créditos de formación.
- ▶ **Encontros Didácticos.** Son encontros virtuais curtos e intensivos (4-5 días) que tratan sobre diferentes temas. Están dirixidos por un experto e ofrecen un traballo activo e debates entre profesores de toda Europa.
- ▶ **Plataforma Training.** É unha **plataforma de probas** co mesmo aspecto e funcións que a plataforma real. O seu obxectivo é proporcionar ó profesorado a posibilidade de aprender a utilizar eTwinning sen medo a equivocarse.
- ▶ **Cursos de Desenvolvemento Profesional e Encontros Bilaterais e Multilaterais.** Estes talleres reúnen a profesionais de distintos países de Europa para conectarse entre eles e compartir experiencias. Os talleres de interconexión e de busca de socios para os profesores europeos desenvólvense ó longo de todo o curso escolar



› **Ferramentas:** Unha vez inscrito na plataforma eTwinning, terás á túa disposición as seguintes ferramentas:



- ▶ **De comunicación:** Ó formar parte da Comunidade eTwinning, dispós dun escritorio e dun perfil que podes personalizar, un buscador para contactar con profesores de toda Europa, unha sección de contactos, un foro e mensaxería interna.
- ▶ **De xestión dun proxecto:** en caso de que queiras realizar un proxecto cos teus alumnos e outros compañeiros europeos, eTwinning pon á túa disposición un entorno de traballo seguro, chamado TwinSpace, e un Diario de Proxecto, no que poderás deixar constancia dos progresos que ides facendo e contactar co teu Servizo Nacional de Apoio.

› **Ideas e experiencias:** Atoparás distintos exemplos de actividades e proxectos na nosa web nacional (www.etwinning.es) e na web europea (www.etwinning.net) que poden ser o punto de partida para os teus propios proxectos.

› **Recoñecemento:** Desde eTwinning recoñécese de distintas formas o traballo que realizan os profesores:

- ▶ Selo de Calidade Nacional
- ▶ Selo de Calidade Europea
- ▶ Premio Nacional
- ▶ Premio Europeo
- ▶ Créditos de formación
- ▶ Publicación e difusión



› **Asistencia:** en eTwinning contas coa axuda e a asistencia técnica e pedagóxica do Servizo Nacional de Apoio. Para dúbidas e aclaracións sobre o programa, o uso da plataforma ou o desenvolvemento dun proxecto, podes contactar co teu SNA a través dos enderezos informacion@etwinning.es ou asistencia@etwinning.es. Ademais, en www.etwinning.es dispós de manuais e documentos de axuda e unha sección de preguntas frecuentes.

Igualmente, podes consultar co representante eTwinning da túa Comunidade Autónoma (ver representantes en www.etwinning.es)

»»» O meu escritorio

Unha vez inscrito en eTwinning, disporás dun escritorio virtual que podes personalizar. Ademais, poderás actualizar a túa información e a do teu centro, e atoparás ferramentas para contactar con profesores do resto de Europa (buscador de socios, axenda de contactos, xestor de proxectos, foro, mensaxería interna,...). En definitiva, a nosa ventá ó resto de Europa. **(Máis información sobre o escritorio)**



»»» Os proxectos eTwinning

Os proxectos eTwinning favorecen a aprendizaxe en colaboración: os alumnos aprenden uns doutros, interactúan, comunícanse e, deste xeito, sítense responsables da súa propia aprendizaxe.



Un proxecto eTwinning iníciase coa participación mínima de dous profesores de nacionalidade distinta. Posteriormente, poderanse agregar máis profesores de calquera nacionalidade. O tema será calquera acordado polos profesores participantes.

Unha vez aprobado o proxecto, os profesores e alumnos participantes, dispón dun espazo seguro de traballo (TwinSpace) onde levar a cabo todas as actividades. Neste espazo virtual os participantes encontrarán ferramentas como blogs, foros, wikis, galerías de imaxes, xestores de contidos, chat, etc. Ademais, disporán dun Diario de Progreso, onde deixar constancia da marcha do proxecto.

Máis información sobre os proxectos eTwinning
Máis información sobre o TwinSpace

